EXPEDIENTE 2025/G010/000018. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO DE 2025.

ACTA Nº 2025/19

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: martes 23 de decembro de 2025

Hora de comezo: 21.01 horas

Hora de remate: 21.50 horas

PRESIDE:

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión extraordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

1 EXPEDIENTE 2025/A008/000043. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+Adicional 4/2025”. Aprobación da solicitude de participación.

2 EXPEDIENTE 2025/A008/000054. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2026. Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026. Aprobación da solicitude de participación no plan.

3 EXPEDIENTE 2025/A008/000055. POS+ADICIONAL 3/2026 para a redución da débeda que 76 concellos da provincia teñen con esta Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans PAI 2015 e 2016 e POS+2017 a 2023 ou, no caso dos 17 concellos sen esta débeda, para o financiamento de gasto corrente 2026. Aprobación da solicitude de participación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

4 EXPEDIENTE 2025/T002/000019. Modificación de créditos segunda baixo a modalidade de suplemento de crédito. Resolución alegacións.

5 EXPEDIENTE 2025/X006/000139. Recoñecemento do dereito a unha bonificación do 50 % da cota íntegra IBI do inmoble con referencia catastral 002501000NH54G0001ZG e o recoñecemento do dereito a unha bonificación do 95 % da cota íntegra IBI do inmoble con referencia catastral 15086B513008790000QF. Ganadería Ferro, S.C.

6 EXPEDIENTE 2025/X999/000087. ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDAD (ENS). Aprobación Política de Seguridad de la Información del Ayuntamiento de Touro.

7 EXPEDIENTE 2025/X999/000096. Proxecto de mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro; 1ª fase. Proposta solicitude supervisión de proxecto.

1 EXPEDIENTE 2025/A008/000043. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADICIONAL 4/2025". APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 18 de decembro de 2025, que foi obxecto de exposición por parte do Sr. Alcalde, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

1. O 03/12/2024 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2025 (BOP núm. 233 do 03/12/2024).

2. O 03/10/2025 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+Adicional 4/2025 destinado aos 93 concellos da provincia.

3. Circular sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 4/2025 para gasto corrente, redución de débeda dos concellos coa Deputación ou investimentos financeiramente sostibles onde consta:

O importe da achega provincial asignada a ese concello no POS+Adicional 4/2025 é o que figura na seguinte táboa:

CONCELLO	***POS+ADICIONAL 4/2025***
Touro	*247.532,87*

4. O prazo de presentación da solicitude de participación remata o 30.12.2025 ás 15:00 horas.

5. O 17/12/2025 achéganse ao Concello de Touro os proxectos técnicos das obras coas que o concello participará no plan.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

O POS+ 2025 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, establece que trátase dunha delegación de competencias municipais.

O artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. *Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamentos dos investimentos financeiramente sostibles que*

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	***Financiamento dos investimentos***				
	Deputación	***Concello***			***Orzamento total***
		Achega municipal	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	
Mellora pista Andeade- Santaia	*77.595,19 €*	*12.404,80 €*		*12.404,80 €*	*89.999,99 €*
Rehabilitación de escola infantil para vivenda no Concello de Touro	*169.937,68 €*	*0,00 €*		*0,00 €*	*169.937,68 €*
TOTAL	***247.532,87 €***	***12.404,80 €***		***12.404,80 €***	***259.937,67 €***

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

SEGUNDO. *Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

TERCEIRO. *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade 2025, se a houbera.*

CUARTO. *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

QUINTO. *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

SEXTO. *Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

SÉTIMO. *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

INTERVENCIÓNS

O voceiro de Movemento Veciñal por Touro, Sr. Roberto Castro di que na Comisión expuxeron a salvidade da dispoñibilidade dos terreos no contorno da vivenda a ela e aos aparcamentos, non recibimos documentación ao respecto, contamos de que se dispoña destes terreos.

Primeiro, estamos a favor de que o Concello acondicione vivendas para uso social, pola súa falla e tal é así que estando no goberno solicitouse unha subvención e concedeuse por parte da Xunta de Galicia para rehabilitar a vivenda que existe na primeira planta da escola de Enquerentes que se vai a executar durante o ano 2026.

Segundo, pedimos que pos parte do goberno se vaia preparando un regulamento das condicións de uso e acceso a estas vivendas adaptado á realidade socioeconómica do Concello.

Terceiro, como apreciación cremos que hai que crear vivenda para este fin, pero hai que ir a orzamentos máis axustados á capacidade do Concello, é verdade de que son dúas plantas cun orzamento de 170.000,00 euros e a de Enquerentes creo que eran uns oitenta e pico mil euros.

Respecto da estrada de Andeade consideramos que é unha obra escasa en canto entendemos que se necesita dotala de máis ancho e dispoñer dos terreos, e resulta un orzamento elevado cremos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

para a pouca mellora que produce, mellora de 50 centímetros en cada marxe. Entendemos que é unha obra prematura ao non dispoñer de terreos para facer unha ampliación que permita unhas melloras de seguridade.

Por último di que van a votar a favor.

O Concelleiro do PG, Sr. Jesús Martínez di que respecto da obra de Andeade está de acordo co que acaba de dicir Roberto, e vai a votar a favor tamén.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que xa na Comisión comentei que se ancheen eses 50 centímetros con capa de asfalto xérame dúbidas e respecto da Escola e bo que inmobles que estaban abandonados se lles dea un novo uso para cuestións bastante máis necesarias neste momento. Di que vai a votar a favor.

O Concelleiro non adscrito Darío Rey di que respecto ao que acaba de dicir o exconcellerio de obras e que fale de facer cousas ben vendo o que se fixo na pista de Pena en Fao chama a atencións bastante. En canto ao que comentou o voceiro de Movemento non é o mesmo habilitar unha planta que dúas, son prezos públicos dun proxecto que redacta unha empresa, se quere collemos oitenta mil da Escola das Goritas deixámola en estado de abandono a primeira planta ou a segunda, os arredores e o acceso elixa vostede, puro populismo, de todos xeitos é curioso que durante dous anos decidiu invertir o POS en carreteras repartidas con criterio caciquil, facer sendas non lle acordaba a vivenda social e agora ven con se nos pasamos co importe, e máis que se vai apostar pola vivenda social adquirindo terreos, dos que vostede non fixo ningún trámite, siga co relato que aquí seguimos co traballo.

O Sr. alcalde di que o obxectivo deste goberno e dispor dun pequeno parque de vivenda de aluguer social, porque escasea a vivenda en alugue e os importes as veces son moi elevados. Os prezos dos proxectos fíxannos os técnicos e imos ver se a realidade da licitación se corresponde cos prezos fixados en proxecto e non vai dar unha idea se son reais, de mercado ou non. Nos tamén tiñamos as reservas sobre este tema. En canto ao tema da pista de Andeade, todos estamos de acordo na necesidade de mellorar a seguridade desa vía e temos que aceptar que un metro de amplitude nesa pista, gáñase moita amplitude, mellorar entradas de fincas, sinalización e limitacións de seguridade.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación da proposta de aprobación do Plan, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2025/A008/000054. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2026. ADICIONAL 1/2026 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2026. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN.

Consta no expediente proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 18 de decembro de 2025, que foi obxecto de exposición e explicación por parte do Sr. alcalde, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

O 28/11/2025 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2026 (BOP núm. 231 do 02/12/2025), que na súa base 12 regula o POS+Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, onde establece de xeito textual:

O POS+Adicional 1/2026 ten como finalidade apoiar ós servizos sociais municipais, permitíndolles incrementar o seu gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco de exclusión, freando e previndo tanto a cronificación como o círculo vicioso da desigualdade social, incidindo nos fenómenos que xeran malestar e conflito ás persoas máis vulnerabilizadas e procurando o benestar social do conxunto da poboación dos municipios.
A xestión deste POS+ Adicional 1/2026 realizarase a través da Sección de Servizos Sociais do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes desta deputación.

O prazo de presentación da solicitude de participación remata o 15.01.2026 ás 15:00 horas.

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

15.12.2025. Informe técnico dos servizos sociais municipais no que se acredita o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da base 12.1

16.12.2025. Informe de secretaría-intervención sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026, onde consta:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	**PREVISIÓN DE GASTOS**	**ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS**	**ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO**
	(A)	(B)	(C=A-B)
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1.	14.760,00 €	0,00 €	14.760,00 € Cargo ao POS+ 2026
B Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social para as unidades de convivencia en situación de vulnerabilidade e valoradas polos servizos sociais	14.000,00 €	0,00 €	14.000,00 € Cargo ao POS+ 2026
c. Dotación da partida municipal destinada a cubrir a achega ao servizo de axuda no fogar na modalidade dependencia (Na columna A indicar a previsión do gasto total do servizo, na columna B a estimación dos ingresos procedentes da Xunta de Galicia e do copago das persoas usuarias)	690.000,00 €	401.168,00 €	288.832,00 € (58.612,64 € cargo ao POS+ 2026; 230.219,36 € cargo a recursos propios)
d. Ampliación do servizo de axuda no fogar de atencións de carácter básico na modalidade libre concorrencia.			
e. Creación ou ampliación de servizos complementarios ao SAF de carácter básico (Xantar na casa/Comedor sobre rodas, Servizo de lavandaría, Servizo de peiteado).			
f. Creación ou ampliación de servizos complementarios ao SAF			
g. Creación ou ampliación dos servizos para o respiro e a conciliación familiar a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais			
h. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais municipais consideren para atender ás persoas vulnerables e sexan debidamente xustificadas..	3.121,80 €		3.121,80 € Cargo ao POS+ 2026
TOTAL GASTOS CORRENTES	**721.881,80 €**	401.168,00 €	**320.713,80 €**
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.			
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.			
TOTAL GASTOS INVESTIMENTO: TIPO I E/OU TIPO J			

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

O POS+ 2026 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e os artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, establece que trátase dunha delegación de competencias municipais.

O artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A cantidade do POS+ADICIONAL 1/2026 asignada ao concello para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026 é de 90.494,44 €

Os gastos extraordinarios aos que o Concello pode aplicar o financiamento do POS+ ADICIONAL 1/2026 son previstos na base 12.1 das Bases reguladoras do POS+ 2026 e reflectidos nos referidos informes técnicos.

Ao abeiro do informe técnico dos servizos sociais municipais no que se acredita o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da base 12.1 e do Informe de secretaría-intervención sobre gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2026" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2026	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes.	721.881,80 €	401.168,00 €	320.713,80 €	90.494,44 €	230.219,36 €
Investimentos: Tipoloxía i	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía h	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
.TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	749.978,00 €	401.168,00 €	348.810,00 €	90.494,44 €	230.219,36 €

IMPORTES SOLICITADOS	
I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	**90.494,44 €**
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Tipoloxía i	**0,00 €**
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Tipoloxía j	**0,00 €**
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	**90.494,44 €**

SEGUNDO. Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña do xeito establecido nas Bases do Plan.

TERCEIRO. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

INTERVENCIÓNS

Non se producen

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de solicitude participación no POS Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026, resultando aprobada pola unanimidade dos once

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

3 EXPEDIENTE 2025/A008/000055. POS+ADICIONAL 3/2026 PARA A REDUCIÓN DA DÉBEDA QUE 76 CONCELLOS DA PROVINCIA TEÑEN CON ESTA DEPUTACIÓN POLA UTILIZACIÓN DE PRÉSTAMO PROVINCIAL NOS PLANS PAI 2015 E 2016 E POS+2017 A 2023 OU, NO CASO DOS 17 CONCELLOS SEN ESTA DÉBEDA, PARA O FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE 2026. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

Consta no expediente a seguinte proposta ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos Xerais celebrada o 18 de decembro de 2025, co seguinte tenor literal:

ANTECEDENTES

1. O 28/11/2025 o Pleno da Deputación da Coruña aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2026 (BOP núm. 231 do 02/12/2025).

2. O 02/12/2025 recibiuse a circular sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 3/2026 para a redución da débeda de 76 concellos coa Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans 2015 a 2023 e para o gasto corrente de 17 concellos sen esta débeda onde consta:

POS+ AD3/2026	Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023	Gasto corrente	Total
Achega provincial asignada	**135.741,65 €**		**135.741,65 €**

Os 76 concellos que se relacionan na base 14.3, que teñen unha débeda con esta deputación pola utilización do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, deberán aplicar necesariamente a achega provincial asignada neste Plan á redución desta débeda. No caso de que a achega provincial asignada neste Plan sexa superior á dita débeda, aplicarase a achega provincial a redución da débeda ata cancelala. e o importe restante poderá destinarse ao financiamento dos seus gasto correntes.

En relación coa redución da débeda dos concellos coa deputación orixinada pola utilización de préstamo provincial, a deputación realizará as operacións contables e orzamentarias que sexan precisas, minorando en primeiro lugar a correspondente ao Plan máis antigo, e dentro deste en primeiro lugar á aplicada a minorar a débeda do concello con entidades financeiras e posteriormente á aplicada ao financiamento de investimentos.

Os concellos deberán presentar a docuemntación, a través da plataforma SUBTEL, desde o 9 de decembro de 2025 ata o 6 de febreiro de 2026 ás 15.00 horas,

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

O POS+ 2026 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, establece que trátase dunha delegación de competencias municipais.

O artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 3/2026" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

POS+ AD3/2026	Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023	Gasto corrente	Total
Achega provincial asignada	**135.741,65 €**		**135.741,65 €**

SEGUNDO. Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

TERCEIRO. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

INTERVENCIÓNS

Non se producen

VOTACIÓN

Procédese a votación da referida proposta de solicitude participación no POS+ADICIONAL 3/2026 para a redución da débeda que 76 concellos da provincia teñen con esta Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans PAI 2015 e 2016 e POS+2017 a 2023 ou, no caso dos 17 concellos sen esta débeda, para o financiamento de gasto corrente 2026, resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

4 EXPEDIENTE 2025/T002/000019. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS SEGUNDA BAIXO A MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO. RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS.

O Sr. o alcalde di que durante o período de exposición pública presentáronse unha serie de alegacións por veciños e colectivos baseándose basicamente en impugnar o trámite de información pública, que se o expediente non estaba completo para o seu exame e consulta, sen entrar nas argumentacións xurídicas das alegacións que pensamos que carecen de fundamento legal, o trámite de exposición pública é o que se establece regulamentariamente e que se veu facendo durante os exercicios anteriores, incluso o feito este ano; cando en ningún momento se pon dificultade algunha para acceder aos expedientes, os grupos municipales dispoñiamos do expediente dende a convocatoria da Comisión Informativa correspondente e interpretamos que o que se pretende e impedir que aprobemos a financiación para estas obras en concreto neste exercicio, dilatando o proceso. A proposta é de desestimación de alegacións e aprobación definitiva do expediente de modificación e publicación da aprobación definitiva.

A proposta contida no expediente é a seguinte:

ANTECEDENTES

- Providencia de Alcaldía incoando o inicio do expediente de modificación de créditos.
- Memoria de alcaldía, xustificativa da modificación de créditos.
- Informe de secretaría, de intervención e do cálculo da estabilidade orzamentaria.
- Proposta de alcaldía de aprobación ca citada modificación.
- Acordo Plenario de 13 de novembro de 2025 aprobando inicialmente a citada modificación.
- Anuncio de aprobación inicial do expediente publicado no BOP número 222 de 19 de novembro de 2025.

LEXISLACIÓN APLICABLE

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

As modificacións de crédito son obxecto de regulación e polo tanto resúltalle de aplicación o establecido na seguinte lexislación:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

- Bases de execución do orzamento.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

O Artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, refírese ao créditos extraordinarios e suplementos de crédito do seguinte xeito:

1. Cando haxa de realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo.

2. O expediente, que haberá de ser previamente informado pola Intervención, someterase á aprobación do Pleno da corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán así mesmo, de aplicación, as normas sobre información, reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 desta lei.

O Artigo 169 da citada Lei regula a publicidade, aprobación definitiva e entrada en vigor.

1. Aprobado inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O Artigo 170 refírese á reclamación administrativa: lexitimación activa e causas.

1. Para os efectos do disposto no apartado 1 do artigo anterior, terán a consideración de interesados:

a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.

b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.

c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

2. Unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento:

a) Por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.

b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto a as necesidades para as que estea previsto.

Como di o TSJ Aragón, en Sentenza do 1 de febreiro de 2021, "tanto a lexitimación activa como as causas polas que se poden impugnar os orzamentos municipais están estritamente taxadas". Evidentemente isto resulta de aplicación ás modificacións orzamentarias de crédito extraordinario e suplemento de crédito pola remisión expresa que fai o artigo 177 o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aos artigo 169 e 170 da referida Lei.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

A alegación presentada polo Grupo Municipal Movemento Veciñal, solicita que se realice unha nova exposición pública aducindo que o anuncio publicado no BOP 222 de 19 de novembro de 2025, non establece onde consultar o expediente, o horario de acceso e as condicións de acceso e non poder acceder a documentación do proxecto que motiva o expediente de modificación de créditos.

Os escritos presentados polas Asociacións e persoas interesadas solicitan o acceso ao expediente, así encabezan o seu escrito, solicitando que se realice unha nova exposición pública aducindo que o anuncio publicado no BOP 222 de 19 de novembro de 2025, non establece onde consultar o expediente, o horario de acceso e as condicións de acceso e non poder acceder a documentación do proxecto que motiva o expediente de modificación de créditos.

Fundamentan a súa lexitimación no artigo 4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a lexitimación no expediente que nos ocupa está determinada no artigo 170 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; tendo todos os alegantes condición de interesados en base ao citado artigo 170.

Refírense aos artigos 7 e 12 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, considerando que se está a vulnerar o dereito de información e consulta pública.

- Respecto do artigo 7 non resulta de aplicación ningún dos cinco supostos previstos no citado artigo, nin sequera o apartado e) documentos que, conforme á lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación; xa que o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non ten consideración de lexislación sectorial.

- Respecto do artigo 12, este, establece a obrigación de garantir o acceso á información pública, permitindo a súa denegación unicamente nos supostos limitativos expresamente previstos na propia lei.

No presente expediente, en ningún momento se produciu negativa ao acceso á documentación relativa á modificación de créditos. Durante o período de exposición pública, os interesados puideron examinar os documentos dispoñibles nas dependencias municipais de acordo cos horarios e condicións habituais de atención ao público. Ademais, non se rexistrou ningunha solicitude de información que fose denegada polo Concello, polo que non se produciu vulneración do dereito de acceso previsto no citado artigo.

Consecuentemente, o artigo 12 non resulta de aplicación neste caso, xa que non se dá ningún dos supostos de restrición de acceso á información pública. A alegación baseada neste precepto carece de fundamento e non pode prosperar.

En canto ao anuncio publicado cumpre co establecido no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que resulta de aplicación en base ao artigo 177 da citada Lei.

Pola súa banda o Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional - RJFHN-, no ámbito da Secretaría municipal, a citada norma estatal inclúe dentro do concepto de fe pública, entre outras, a función relativa a “superior dirección de arquivos e rexistros da Entidade Local”, tal e como se colixe do art. 3.2.l), así como as funcións propias da certificación de actos ou resolucións da Presidencia e os acordos dos órganos colexiados decisorios, dos antecedentes, libros e documentos da Entidade Local (art. 3.2.f RJFHN), a de custodia da documentación íntegra dos expedientes que van ser sometidos a estudo e debate polo órgano colexiado correspondente (art. 3.2.c RJFHN) ou a de levar e custodiar o Rexistro de Intereses dos membros da Corporación, o Inventario de Bens da Entidade Local e, no seu caso, o Rexistro de Convenios (art. 3.2.k RJFHN), polo que se infire e deduce do anuncio publicado que a consulta coma a de todos os expedientes pode realizarse na secretaría municipal.

Tanto as Asociacións como persoas interesadas manifestan que o expediente do que se lle deu traslado non está completo porque non constan os proxectos que dan lugar á modificación de crédito.

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

A este respecto sinalar que os proxectos que dan lugar á modificación de crédito foron tomados como referencia para xerar o crédito que permita a posterior aprobación tanto dos proxectos coma dos expedientes de contratación que correspondan; polo tanto os proxectos de obra non forman parte deste expediente (non foron obxecto de aprobación), senón que serán obxecto da tramitación correspondente conforme ao establecido na Lei de Contratos do Sector Público. Como resulta evidente no ámbito administrativo, os expedientes están interrelacionados pero iso non significa nen poden deducir os alegantes que o expediente se atopa completo e se puxo a súa disposición.

Como resulta evidente no ámbito administrativo, os expedientes están interrelacionados, dado que a tramitación de calquera modificación de créditos pode estar vinculada a outros procedementos ou proxectos que serven como referencia para a súa cuantificación e aprobación. Non obstante, esta interrelación non implica que todos os expedientes conexos deban incorporarse ou considerarse como parte integrante do expediente que se somete a exposición pública. Así, os alegantes non poden deducir que o expediente de modificación de créditos estea completo no sentido de incluír todos os proxectos posteriores ou vinculados, nin que a súa disposición pública deba abarcar documentación que non forma parte legal do procedemento de modificación. O expediente exposto contén toda a documentación necesaria e suficiente para o seu exame, valoración e presentación de alegacións, cumprindo co principio de publicidade e coas obrigas legais de transparencia e información pública, sen que a falta de proxectos de obra xa sometidos a tramitación específica afecte á súa validez ou á capacidade de fiscalización por parte dos interesados.

Respecto da alegación presentada por Movemento Veciñal o día 11 de decembro de 2025, significar que na mesma se fai referencia a expedientes interrelacionados como son o expediente 2025/X999/000077 e o Proxecto de mellora do bombeo e captación da ETAP de Touro, documentación a que tiveron acceso como grupo municipal pero que non foi remitidas como parte da exposición publica do expediente 20225/T002/000019 expediente de modificación de créditos, segundo na modalidade de suplemento de créditos, afirmando que o expediente está incompleto.

Como se manifestou ao longo do presente o expediente está completo e ten expedientes interrelacionados, pero eso evidentemente non conleva que na exposición pública se haxa de referir a todos os expedientes relacionados coa modificación de crédito, que é o único expediente obxecto da exposición pública. Nin o expediente 2025/X999/000077 nin o expediente do Proxecto de mellora do bombeo e captación da ETAP de Touro son obxecto desta exposición pública, o primeiro deles porque foi aprobado polo Pleno da Corporación en punto da orde do independiente sen que haxa lugar a alegacións, senón que o que procede é interpoñer os recursos administrativos que consideren e porque respecto do proxecto de obra unicamente se tomou como referencia o orzamento para habilitar o crédito que permita a tramitación para aprobación do proxecto e a licitación da contrtación, pero non se tramitou a aprobación do citado proxecto, nin evidentemente se votou a súa aprobación,

CONCLUSIÓNS.

O expediente de modificación de créditos 2025/T002/000019 cumpre de maneira íntegra os trámites legais establecidos, tanto en materia de publicidade e exposición pública como nos requisitos de documentación necesaria para a súa aprobación inicial. As alegacións presentadas polos interesados, se ben lexitimadas, carecen de fundamento xurídico, pois non se vulnerou o dereito de acceso á información nin se negou documentación algunha.

Os expedientes relacionados, incluídos o 2025/X999/000077 e o Proxecto de mellora do bombeo e captación da ETAP de Touro, non forman parte do procedemento de modificación de créditos, servindo unicamente como referencia para determinar o crédito necesario para a tramitación posterior de proxectos e contratacións. A súa exclusión da exposición pública é plenamente procedente e non afecta á legalidade nin á completitude do expediente obxecto de exame.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Do mesmo xeito, o funcionamento da Secretaría municipal garante a custodia, orde e acceso á documentación do expediente, en cumprimento co Real Decreto 128/2018 e coas obrigas legais de fe pública e transparencia. O período de exposición pública foi suficiente para permitir o exame da documentación, o seu estudio e a presentación de alegacións polos interesados, tal e como exixe o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Por todo o anterior, conclúese que o expediente cumpre todos os requisitos legais, administrativos e procedimentais, e que as alegacións presentadas non xustifican a apertura dunha nova exposición pública nin modificación algunha do procedemento xa seguido.

Do referido nas consideracións xurídicas e nas conclusións contidas no presente informe proponse ao órgano competente desestimar as alegacións presentadas xa que a exposición pública resulta conforme co establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o que coleva a aprobación definitiva do expediente.

PRIMEIRO. Desestimar as alegacións presentadas xa que a exposición pública resulta conforme co establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o que coleva a aprobación definitiva do expediente. Que se aprobe definitivamente o expediente de modificación de créditos núm. 2025/T002/000019 do orzamento en vigor, segundo baixo a modalidade de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, por un importe total de 1.125.486,94 €

Altas en aplicacións de gastos:

Proxecto e Partida orzamentaria	Descrición	Importe modificación
Partida 161.22101	Servizos públicos básicos, benestar comunitario, abastecemento domiciliario de auga potable. Gastos correntes en bens e servizos, material, subministros e otros, auga.	92.331,73 €
Partida 336.68900	Restauración do cruceiro de Calvos Produción de bens públicos de carácter preferente, cultura, arqueoloxía e protección do Patrimonio Histórico-artístico. Inversións reais, outras inversións de bens patrimoniais.	13.806,31 €
Partida 336.68900	Actuación arqueolóxica no Couto de San Sebastián. Produción de bens públicos de carácter preferente, cultura, arqueoloxía e protección do Patrimonio Histórico-artístico. Inversións reais, outras inversións de bens patrimoniais.	18.148,63 €
Partida 342.63200	Renovación das instalacións da piscina municipal e construcción de novo vaso infantil. Produción de bens públicos de carácter preferente, deportes, instalacións deportivas. Inversións reais, inversión de reposición asociada ao funcionamento operativo dos servizos, edificios e outras construcións.	273.460,98 €
Partida 452.63900	Mellora do bombeo da captación da ETAP de Touro 1ª fase Renovación de ramais de abastecemento en Loxo-Enqurentes Actuacións de carácter económico. Infraestruturas, recursos hidráulicos. Inversións reais, outras inversións de reposición asociadas ao funcionamento operativo dos servizos.	631.256,46 € 96.482,83 €

Financiación

Concepto	Denominación	Importe modificación
87000	Activos financieiros, remanente de tesouraría para gastos xerais.	1.125.486,94 €

SEGUNDO. O acordo de aprobación definitiva e o resumo por capítulos da modificación de créditos publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

INTERVENCIÓNS

O Sr. Roberto Castro, voceiro de Movemento Veciñal di que se ratifican nas alegacións presentadas, e que o texto do anuncio fose igual que outros anteriores e que os anteriores non estivesen de todo correctos non implica que o actual sexa correcto por ser igual aos anteriores. Resulta curioso que as alegacións de Movemento Veciñal van máis alá, fundaméntase na falla de xustificación e motivo das modificacións de crédito e dos proxectos ou gastos que se van financiar coa modificación de crédito, algo que non se menciona nin na súa exposición nin na proposta que se somete a votación, si recolle curiosamente unhas consideracións xurídicas que incumpre a propia proposta, refírese o Artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de que o gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, a ese respecto a memoria de alcaldía xustifica que non se pode demorar porque son gastos que xa están adxudicados o cal non é certo, o único que está comprometido é un importe de noventa e pico mil euros de facturas por transporte de auga, do millón douscentos mil, o resto todo está sen comprometer, nada se vai a executar neste exercicio, polo que a memoria é falsa nese aspecto. Ratificámonos nas alegacións e votamos en contra da súa desestimación.

O Sr. Louzao, voceiro do BNG di que votamos a favor da modificación, para empezar a intentar a solucionar o problema da auga, coincidiamos en que eran obras necesarias e urxentes; e niso no mantemos, e imos votar a favor da proposta.

O Concelleiro non adscrito di que agora o voceiro de Movemento Veciñal, di que se lle negou información á xente si cando el publicou o mesmo texto o 12 de xullo de 2024, penso que toma por tonta á xente ou non lía o que publicaba. Saíulle mal a xogada atrasouno un par de semanas, pero hoxe sae aprobado e iso tradúcese na menor cantidade de tempo posible os veciños de Touro van quedar sen auga.

O Sr. alcalde di que respecto ao manifestado por Movemento Veciñal di que a argumentación xurídica das alegacións non se sostén tal e como dixen na miña primeira intervención, non se traían os proxectos a aprobación senón que era un indicador do prezo da cantidade de financiación, se estivera adxudicado non estariamos tratando de aprobar a financiación. Ten que ter claro e dicirlle aos veciños se están en contra de que se mellore o abastecemento municipal de auga, díganlle aos propietarios das granxas que non lle queren dar auga, o que pretenden é paralizar esa dúas obras, piscina e mellora do abastecemento municipal. Se estas obras non son urxentes, agora mesmo non hai nada urxente. Que este goberno se enfrente en tres meses a este problema e que vostedes en dous anos de lexislatura non fixeran nada é difícil de asumir e pon de manifesto a súa incompetencia.

O Sr. Roberto Castro, voceiro de Movemento Veciñal di que por alusións que respecto da mellora da piscina cando estabamos no goberno trouxemos esa mellora non POS do 2025 en xaneiro e votaron en contra, a quen culpan vostedes do atraso na obra da piscina?; segunda cuestión proxecto de bombeo, cal é a última versión do proxecto, esta e a sexta levan cinco correccións; a quen culpan que a xustificación da necesidade desa obra fose o criterio de Cobre San Rafael e o motivo de que se presentase as alegacións é esa, nos non cremos neses erros maliciosos senón que hai un interés de que se faga a medida de Cobre San Rafael porque hai precedentes, o último fai un ano, vostede e o PP trouxo a este Pleno unha Moción para o que de entón goberno chegaramos a un Convenio con Cobre San Rafael onde precisamente se recollía que se executasen esas mesmas obras e se nos imos a precedentes de hai anos atrás, recórdolle que este Concello xa lle regalou a depuradora, a EDAR de Fonte Díaz a un promotor privado cando se fixo o Polígono Empresarial, xustificando que se fixera unha depuradora e que tiña capacidade para o Polígono Empresarial e isto tenme bastante similitude con esta actuación da mellora da infraestrutura de abastecemento de auga a medida do que propoñía Cobre San Rafael. Esa é a motivación e non busque outras escusas.

O Sr. Louzao, BNG, di que sobre a auga o que dixo, mantivo e manteno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: gQ3SwJ5WBlM0dow9k5XY Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

O Concelleiro non adscrito di que non quere que se expandan bulos de individuos negacionistas. A xustificación non é de Cobre San Rafael, váiselle caer a “peli” o día que se publique o proxecto, vostede nunca publicou ningún proxecto, vostede o que fai é embarrar cando non hai xente que lle poña enfronte á realidade. Vostede só engana a quen se quere deixar enganar. Este proxecto sabe vostede perfectamente que non ten medidas compensatorias para os veciños de Arenteiro que era o que pretendía Cobre San Rafael, só se vai facer unha mellora da captación. Hoxe non se vai aprobar o proxecto, vaise enviar a que o supervise a Deputación, todos os proxectos teñen versións. Como dixo vostede non lle vou dicir a vostede como se ten que equivocar, vostede siga.

